

ELECCIÓN SINDICAIS

Nº DE ORDE: 25/22

LAUDO ARBITRAL

D. JAIME , designado árbitro no procedemento de Eleccións Sindicais na provincia de Pontevedra, de conformidade co disposto no art. 76.3 do texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado por RD-lexislativo 2/2015, do 23 de outubro -ET-, e no art. 31 do Regulamento de eleccións a representantes dos traballadores na empresa, aprobado por RD 1844/1994, do 9 de setembro -RE-, resolve unha cuestión promovida por D. Brais González Pérez, en nome e representación da Central Unitaria de Traballadores (CUT). Son ademais partes interesadas:

- CIG.
- UGT.
- CC.OO.
- Sindicato Independente de Traballadores (SIT-FSI).
- Peugeot Citroën Automóviles España, s.a.

PRIMEIRO.- Feitos motivadores da reclamación.

O impugnante, D. Brais , en nome e representación de CUT interpón, con data do 31 outubro 2026, unha impugnación na que solicita a declaración de nulidade do acto de votación celebrado na empresa os días 13 e 14 outubro 2022 por transgresión de garantías esenciais do procedemento.

SEGUNDO.- Comparecencia.

As partes foron convocadas polo árbitro para a correspondente comparecencia, ao abeiro do art. 76.6 ET e 41.1 RE, que se celebrou o día 16 de novembro do 2022 ás 9:12 h. Compareceron:

- D. Brais , en nome da impugnante, CUT.
- D. Manuel , en representación de CIG.
- D^a. Begoña , en representación de UGT.
- D. Santiago , en representación de CCOO.
- D. Lorenzo , en representación de SIT-FSI.
- E D^a. Mariña , en representación de Peugeot Citroën Automóviles España, s.a.

TERCEIRO.- Alegacións, proba e conclusións.

O representante de CUT ratifícase na impugnación. Sen prexuízo do laudo do 16 outubro 2022, o certo é que as mesas auxiliares serviron como instrumento de revelación do voto. Produciuse unha transgresión do dereito ao voto secreto. Houbo unha directriz expresa da mesa electoral central -MEC- ás mesas electorais de que o voto en mesa auxiliar en grupos de persoas era válido. Estableceuse un discernimento co voto en cabina, no que se garantía o segredo. A mesa abeirouse nun acordo do 2018, a efectos formais, pero non é certo que existise dito acordo. Reproduciuse parcialmente unha acta do 2018. Fora unha proposta, pero que logo non se converteu en instrución ás mesas. Por outra banda, a disposición das mesas auxiliares modificouse en relación co 2018. Non se estableceron en liña coas mesas electorais, senón que se confrontaron. De xeito que, agás en dúas mesas nas que se mantivo a estrutura en liña, nas demais se puido fiscalizar o voto das

persoas votantes. O resultado final foi significativo e repercutiu nos resultados, sen que se poida precisar con exactitude. Pero produciu a exclusión de CIG do comité e unha rebaixa dos membros de CUT.

O representante de CIG adhírese á impugnación. Sorprende que no 2022 os sindicatos de clase dean o visto bo a unha votación que non garante o segredo do voto. Aportaranse as reclamacións dos axentes de CIG verbo da colocación das mesas.

A representante de UGT expresa a súa oposición á impugnación. Primeiro, porque está caducada. O asunto das mesas auxiliares xa se debateu en anteriores laudos. Non se aportaron datos concretos verbo do día da votación. Hai unicamente afirmacións xenéricas, nada que concrete onde se produciron vulneracións do voto secreto. O día 11 xa se coñeceu a localización das mesas. A MEC decidiu que coa establecida se respectaba o segredo do voto. As persoas votantes tiveron a posibilidade de empregar cabina. Na acta do día 11 se expresou que habería paneis nas mesas auxiliares. As mesas auxiliares situáronse en liña recta coa mesa electoral. Desde a mesa non se pode apreciar que papeleta se escolle. Todos os sindicatos concorrentes recibiron papeletas para distribuír entre o cadro de persoal, de xeito que cabía levar o voto en sobre pechado. A xeneralidade da impugnación mesmo produce indefensión, porque non se concretan feitos. Os feitos deben ser probados. Alén de acusacións xenéricas, non houbo limitación do segredo do voto. Cómpre desestimación da impugnación.

O representante de CCOO subliña que o día 11 outubro se revisou a implantación das mesas. Compareceron os secretarios sindicais, a MEC, os responsables de medios e de prevención da empresa e, ademais, algúns delegados de prevención. Chamou poderosamente a atención que os secretarios das seccións sindicais de CUT e de CIG abandonaron o percorrido cando apenas se levaban revisadas a metade das mesas. Amosouse da súa parte desinterese e despreocupación. Os demais comparecentes traballamos para garantir o segredo do voto. Engadíronse os biombos. Houbo modificación de colocacións. Atendeuse a certos pedimentos. Na votación, todas as persoas que exerceron de interventoras tiveron moi claro que nas mesas auxiliares unicamente podía estar un votante. Así se lles indicou as traballadores e traballadoras. Mesmo se regulou a distancia mínima. Unicamente houbo tres reclamacións. Unha por mor dunha goteira, outras, relativas ás mesas 11 e 25, por cuestións de vulneración do dereito ao segredo do voto. Pero antes se repartiran 5 mil papeletas ás centrais para que se puidese votar en sobre pechado. Todo o cadro persoal tivo así a posibilidade de votar a CUT. O segredo garantiuse. Canto aos interventores da empresa, se lles puxo nas zonas nas que menos podían enxergar as mesas auxiliares. Houbo certas reticencias pero non se iniciou a votación ata que así foi. Apenas houbo incidencias. Foron as eleccións máis tranquilas, que se lembre, entre outros motivos grazas aos laudos anteriores. Pídese laudo de desestimación.

O representante do SIT tamén se opón á impugnación. No cabe cuestionar o que xa está resolto: a existencia das mesas auxiliares. Cuestiónase agora a localización e a distribución das mesas electorais. CUT di que non se respectou a praxe doutros procesos. Pero non houbo variacións. A partires dun plano técnico, xirouse visita con presenza de responsables das seccións sindicais, de responsables de seguridade e medios materiais da empresa e de delegados de prevención. Marcáronse as zonas das mesas. Todo o validou a MEC. No 2018 ditouse o laudo 51/2018, que expresou que a rolda de visita previa á votación é unha boa práctica. Respectouse a mesma. O acto foi o 11 de outubro. Acreditouse a celebración da visita. Solicitouse un separador entre as mesas auxiliares para mellorar a intimidade. A reacción de CUT foi a súa oposición sistemática ao acordo maioritario. Mesmo ausentouse da visita previa, expresando así o seu desinterese e unicamente movido polo desexo de controversia. Limitouse a dicir que as mesas tiñan que estar en liña. Non é así. Noutros procesos estiveron en liña ou en ángulo recto. A MEC validou as localizacións. A empresa non participou activamente. A MEC ratificou o feito en acta do 18 de outubro, coa implicación de UGT, CCOO e SIT. Non houbo intimidación nin invasión do segredo do voto. As actas revelan a garantía do dereito ao mesmo. As cabinas estaban pechadas con cortiñas sen visibilidade e había papeletas de todas as candidaturas. Puxéronse biombos para as mesas auxiliares. Anteriormente, os días 26 e 29 setembro, entregáronse papeletas con sobres aos sindicatos, tantas como electores había no censo. Entregáronse á entrada da fábrica. Esta alternativa omitiuse na impugnación. Hai outro dato revelador: non houbo, por parte dos presidentes ou interventores

protestas por intimidacións. Respectouse claramente o segredo do voto. Hai que estar á sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo d0 2011, relativa ás eleccións do Corte Inglés: o segredo é un dereito, non un deber. A normativa non obriga a pasar pola cabina para votar. Unicamente houbo tres impugnacións, nas mesas 10, 11 e 25. A da mesa 10, por unha goteira. A das mesas 11 e 25 foron queixas atendidas desde a MEC. Con todo, moi puntuais. Non se apreciaron intimidacións ou problemáticas. Non houbo aglomeracións. Unha das moi poucas incidencias foi a reclamación dun interventor, referida a que dous traballadores foron xuntos a votar. Así o quixeron eles. Non se deu unha alteración grave das garantías do proceso. A impugnación de CUT non identifica coaccións ou intimidacións. A actitude desta central débese cualificar de pouco construtiva. Aparentemente, responde aos seus peores resultados. A reclamación carece de base.

A representante da empresa expresa que non cabe adhesión da CIG porque a CIG non impugnou. A impugnación está caducada, por aplicación do art. 76.5 ET. En efecto, a implantación xeográfica das mesas electorais decidiuse o día 11 de outubro e a votación empezou o día 13 de outubro. Por iso, había que reclamar ante a mesa electoral e, no caso de resposta de desestimación, impugnar ante a Oficina Pública no prazo de tres días. No que atinxe á esixencia do voto secreto, o tema resolveuse con acta do 13 de outubro. Pero esta cuestión xa se debatera o día 22 de setembro. A impugnación de CUT desestimárase, aínda que fose de xeito presunto, polo que había que estar ao prazo do art. 30 RE. A CUT recibiu resposta, expresa ou tácita. Debateuse o tema de se era posible que varios traballadores estivesen na mesa ao mesmo tempo. No que se refire á implantación das mesas, o 11 de outubro localizáronse. Houbo mesas en "L" e mesas en liña. Non se rompeu con criterios do 2018, cando sucedeu o mesmo. As reclamacións resolvéronse no acto. A maiores, se decidiu a colocación dun biombo para separar a mesa auxiliar. Xa no 2018 houbo mesas en "L". Hai que insistir en que o segredo do voto é un dereito, non un deber. Hai que estar á sentenza do Xulgado do Social nº 1 do 2011 verbo das eleccións de El Corte Inglés. Había cabinas con papeletas e sobres. Unicamente é posible anular cando hai vicios graves e feitos concretos. Non se apreciou coacción algunha. Non se expresou que as cabilas tiñan cortiñas. Obviouse a solicitude de tantas papeletas e sobres como electores había no colexio 2, da que a empresa respondeu accedendo e proveendo de papeletas. O día 13 de outubro, UGT solicita reunión da MEC que estableza criterios de exercicio do voto aportando acta da votación do 2018. Establécese a obriga de utilizar individualmente as cabinas. Exprésase que é posible a presenza de varios traballadores na zona de votación, pero dando a indicación de gardar distancias. Non se aportan datos concretos de que houbera aglomeracións. Das 27 mesas, unicamente en tres, a 10, a 11 e a 25 houbo incidencias. Non houbo máis escritos de impugnación. Producíronse outras reclamacións de CIG e de CUT, relativas á entrega de actas de constitución. Con posterioridade á votación, reuniuse a MEC os días 17 e 18 de outubro. O día 17 -día seguinte hábil- resolvéronse as reclamacións das localizacións das mesas efectuadas por CIG. Verbo das reclamacións relativas ás aglomeracións, non houbo valoración nesta reunión, porque chegaron ás 16:30 e a reunión finalizou ás 17:15. Pero é falso que non se lles dera resposta. O día 18 resolvéronse as reclamacións pendentes. A esta reunión non acudiu CUT. Era unha xornada sen produción, pero liberouse aos interventores do ERTE para que puidesen asistir.

En resposta ás alegacións de caducidade, o representante de CUT, verbo da de UGT entende que non se están a reproducir cuestións do anterior laudo. Impúgnase unha directriz da MEC. Tampouco a colocación das mesas foi obxecto do mesmo. Canto á da empresa, expresa que a resolución da MEC produciuse o día 13 de outubro, día da votación. E os efectos da colocación das mesas prodúcense os días das votacións.

Como proba documental, CUT aporta actas da MEC do 11 e 13 de outubro, reclamación de CUT do 11 de outubro, xustificación de envío da acta definitiva, convocatoria da reunión do 13 de outubro, remisión da acta da reunión do 13 de outubro, producida o 14 de outubro, impugnacións de CUT do 22 de setembro e 13 de outubro, plano de localización das mesas electorais, impugnación (atípica) de CUT do día 16 de outubro, acta da MEC do 21 de outubro, escrito de CUT do 16 de outubro de pedimento de planos e actas completas dos colexios electorais 6 a 29.

UGT aporta actas da MEC do 17 e 18 de outubro e fotografía da mesa electoral nº 15.

SIT aporta actas da MEC dos días 23 e 26 setembro, escrito de CUT do día 26 de setembro e de CIG do 29 setembro solicitando papeletas, acta do 3 de outubro da MEC e correo electrónico da MEC do día 10 de outubro.

A empresa aporta proba da que inclúe listaxe, que se da por reproducida.

O representante de CUT solicita interrogatorio do de CCOO. Verbo da distancia entre traballadores, este expresa que a debían gardar. Que os biombos das mesas auxiliares teñen finalidades distintas, segundo a zona da que se trate. Que o delegado de prevención de CUT estivo durante a visita a todas as mesas.

Solicita así mesmo interrogatorio da representante de UGT. Expressa que non ten coñecemento de directrices ás persoas votantes.

Tamén, interrogatorio do representante de CIG. Retruca que houbo directrices expresas aos presidentes das mesas. Que cando foi a rolda de visitas, acudiron a cegas e sen planos. Que a maioría sindical decidiu validando todo. Que, en realidade, xa todo estaba decidido. Que se falou de distancias. Que podían estar varias persoas simultaneamente nas mesas auxiliares. Que todo o mundo foi ás mesas auxiliares. Que houbo consignas evidentes de votar en mesa auxiliar. Que a localización das mesas tivo grandes diferencias en comparación coas eleccións do 2018. Nas do 2018 estaban todas en liña, agás dúas en “L”. En realidade, en “T”. A re-preguntas da empresa, di que se podía ver ao votante. Que algúns interventores da empresa estaban de costas, pero non todos. Que as reclamacións son as que son. Que os planos aportados na documental reflicten aparentemente a realidade.

Comparece a instancia do árbitro o presidente da MEC. A preguntas do representante da CUT, e exhibidas as fotografías aportadas pola empresa, non aprecia as mesas auxiliares no que se refire ás mesas 6 e 7. Non saen na foto, pero as houbo. En realidade, en varias fotos non se aprecian as mesas auxiliares. Recoñece que CUT pedira os planos, pero nin lembra cando. Na visita, percorreuse cada unha das mesas e validáronse todas. Nalgunhas se puxeron biombos. As mesas estaban unhas en liña e outras en “L”. Deuse debate, pero se validaron. Afirmar que se lles indicou aos presidentes das mesas que se evitaran aglomeracións. E que os votantes estiveran a un metro e medio ou dous entre eles. Houbo un caso de aglomeración derivado dunha goteira. O árbitro denega unha pregunta relativa a un comentario informal do comparecente verbo do segredo do voto, denegación fronte á que protesta o representante de CUT.

A re-preguntas da representante de UGT, o presidente da MEC expresa que, co gallo da visita, houbo certos cambios na estrutura das mesas, alén da colocación de biombos.

A re-preguntas do representante de CCOO engade que as papeletas estaban sempre ao lado da parede.

A re-preguntas do representante do SIT, describe que na metade da visita marcharon os secretarios das seccións sindicais de CIG e de CUT, de xeito que non percorreron todas as mesas. Que non houbo queixas por intimidacións. Unicamente houbo algunha dificultade ao comezo das votacións, pero foron logo moi tranquilas.

A re-pregunta do representante da CIG, verbo da goteira na mesa 10, matiza que a aglomeración non foi para votar nin para coller as papeletas. Que houbo intimidade suficiente para votar.

A instancia de CUT, comparece como testemuña D. _____, interventor de CUT da mesa 11. Describe que houbo votacións en parellas e de 3 en tres, mesmo collendo o voto diante da mesa electoral. Que iso sucedeu con regularidade, particularmente logo da apertura da mesa, cando máis xente vota. Que foi habitual na súa mesa, en detrimento do voto en cabina.

A re-preguntas do representante de CIG, di que podía ver perfectamente que papeleta collía o votante. Que as persoas paraban a falar cando collían o voto. Que a papeleta a metían no sobre diante da mesa. Que a súa mesa estaba en liña, pero a mesa auxiliar estaba en “L” verbo da mesa electoral. Que podía ver o voto. Que reclamou pola colocación da mesa auxiliar.

A re-preguntas do representante de CCOO afirma que reclamou ao presidente da mesa polas votacións con acompañamento.

A re-preguntas do representante do SIT, di que houbo acompañamento de monitores aos traballadores. Que non pode dar proporcións, canto ás votacións con acompañamento, verbo da xerarquia entre acompañantes.

A re-preguntas da representante da empresa, resposta que presentou tres reclamacións. Que a mesa estaba en liña, pero a cabina e máis a mesa auxiliar facían “L” coa mesa. Que el estaba á esquerda da mesa e a mesa auxiliar e a cabina á dereita. Que o interventor da empresa estaba á dereita. Que o interventor de CUT tiña mellor ángulo que o da empresa para ver á persoa votante, pero este tamén tiña acceso visual suficiente.

A instancia de UGT comparece como testemuña D^a María _____, asesora da MEC. Expresa que participou con actuación de asesoramento desde finais de setembro. Que tivo coñecemento das reclamacións de CUT. Que participou na visita-revisión das mesas. Que houbo reclamacións de CIG e de CUT porque algunhas estaban en “L”. Preguntou opinión a CUT e respondéuselle que era para evitar consignas e que as cortiñas estiveran abertas. Que as posturas de CIG e CUT eran coincidentes. As demais organizacións expresaron a súa conformidade. Establecéronse biombos nas mesas auxiliares para darlle máis intimidade ao voto. Non se estableceu un dispensador de auga para evitar aglomeracións. A votación foi tranquila. Non houbo reclamacións verbo de coaccións. Houbo unha reclamación na mesa 10, relativa a unha aglomeración por unha goteira.

A re-preguntas do representante de CCOO engade que non houbo máis casos que o da mesa 10. Que circulou polas mesas. Que instaron a que os votantes mantiveran as distancias.

A re-preguntas do representante do SIT, retruca que non lle consta que houbese queixas por consignas. A MEC insistiu en que se evitaran aglomeracións. Verbo da mesa 11, di que non recorda se o interventor de CUT lle entregou á mesa algunha reclamación por votar de dous en dous. Que, no seu caso, debeu ser moi puntual.

A re-preguntas do representante de CUT, expresa que a MEC estableceu a consigna de que a cabina era de uso individual porque na acta do 2018 houbera problemas dese tipo. Que nas mesas non é obrigatorio achegarse individualmente. Que hai que gardar distancias e evitar aglomeracións e garantir que o voto sexa secreto e libre.

A re-preguntas da empresa, expresa que non houbo reclamacións relativas á posición nas mesas dos interventores da empresa. Que, segundo a súa opinión, o voto secreto se garantía coas cabinas, cos biombos e co repartimento de papeletas.

En quenda de conclusións, o representante de CUT fai énfase en que quedou acreditado de xeito nido que non existiu intención de garantir o segredo do voto. Foi moi interesante o recoñecemento da asesora. Hai unha interesada confusión entre participación non individual e participación con aglomeracións. Segundo se probou, unicamente as cabinas son para preservar o voto secreto. A asesora di que se recomendou que se gardaran distancias. O representante de CCOO non foi quen de especificar a distancia. Hai transgresión da garantía do voto secreto. Non é necesario que se exprese a realidade do que sucedeu en cada mesa porque houbo unha directriz da MEC. Non é lóxico requirir aos sindicatos para que constaten en feitos as consecuencias dunha decisión da MEC. Hai reclamacións dispersas diante das mesas. Non é precisa unha reclamación a cada mesa. Non cabe confundir voto con acompañamento e voto con aglomeración. Son cousas distintas. Hai un marco xurídico para garantir o segredo do voto. Defendese por UGT noutra comparencia que cabía exhibir o voto. Certamente, o voto non é obrigatoriamente segredo. Pero é contradictorio co expresado defender que había unha indicación de ir votar dun nun. No que atinxe á disposición das mesas, había dúas en liña, que se recoñeceron no acto. As outras 25 estaban en “L”. Permitían que desde a mesa se identificara o senso do voto. É un feito acreditado que a empresa dispuña dun interventor en cada unha das mesas. Non hai controversia real verbo da disposición das mesas. Xa que logo, unha persoa presente podía tomar coñecemento de cada voto. Houbo un esvaecemento do voto en cabina a prol do voto en mesa auxiliar, revelado. Iso produciu claramente efectos nos resultados. Non hai que confundir vicio grave coa comisión dun delito. Non é necesario que haxa coaccións tipificadas no Código Penal. Houbo, iso si, un vicio grave. Pídese, por todo o dito, laudo de estimación.

O representante de CIG conclúe, canto á disposición das mesas, que foron validadas por sindicatos de clase. Que non se asegurou o segredo do voto. Máis, tendo en conta o volume de traballadores eventuais. Solicita laudo de estimación.

A representante de UGT remítese ao que expresara en alegacións. Baséase todo na acta da MEC. Sen prexuízo da mesma, non se acreditaron limitacións aos traballadores do dereito ao segredo do voto. É unha mera manifestación da mesa. É moi dubidoso que o interventor de CUT puidese ver o voto das persoas votantes. Vólvese sempre á colocación das mesas, non a feitos concretos. Non se probaron as aglomeracións. Houbo comentarios de sindicatos para modificar localizacións. Todos os actos dos sindicatos foron para garantir o segredo do voto. Houbo unicamente tres reclamacións. Non é suficiente para repetir unhas votacións. Non se acreditou vicio ningún. Non é contradictorio que se recoñeza o dereito a manifestar o senso do voto e que se establezan garantías para asegurar o seu segredo. Por iso non se limitou o art. 75 do ET. A clave é se se limitou ou non o segredo do voto.

O representante de CCOO solicita desestimación da impugnación. Non se demostrou a acusación de CUT. Na acta do día 13 se require á MEC que se pronuncie, de que haxa que votar dun nun e deixar unha distancia prudencial. O voto secreto garantiuse coa colocación das mesas. Estaba ademais o voto en cabina. Os interventores da empresa situáronse de costas.

O representante do SIT salienta que o argumento de CUT variou. A instalación das mesas foi moi semellante á que sucedeu nas eleccións do 2018, ben en "L", ben en liña, segundo os espazos e as condicións de seguridade. Validouse pola MEC logo das visitas previas, das que se ausentou o representante da CUT. Validouse pola maioría sindical. Verbo do segredo de voto, a proba practicada obriga a concluír que non houbo consigna de voto. O presidente da MEC non ten coñecemento e apenas houbo queixas ao respecto. Unicamente se produciron tres reclamacións. Na 11 se expresou que se votaba de dúas en dúas persoas. Pero o interventor da CUT e testemuña non acertou a identificar se había relación xerárquica entre elas ou se eran compañeiras de traballo. A asesora expresou consignas de gardar distancias e esa foi a recomendación. O segredo é un dereito, non unha obriga. Non houbo a consigna da que fala CUT. Unicamente cabería anular por vicio grave, que non se produciu.

A representante da empresa conclúe, cinguíndose á proba, que é reveladora a protesta de CUT. O presidente da MEC dixo que non expresara o que lle preguntou o representante desa central. No interrogatorio unicamente se lle amosan fotos nas que non aparecen as mesas auxiliares. Tamén aportamos planos. A impugnación de CUT ten dez páxinas e nelas non se alude a consigna expresa. Téntase incardinar na acta do día 13 de outubro. Está claro o que di dita acta. Non houbo proba de que se producise consigna expresa. Non houbo tampouco reclamacións de onde se situaron os interventores da empresa. Mesmo o interventor de CUT non foi concluínte de que puidesen ver os votos. Canto á CIG, se adheriu, pero non impugnou. En 22 mesas, CIG reclama verbo da súa colocación. CUT reclama a copia dunha acta e unicamente en tres mesas agroma o problema do voto conxunto. Unicamente nun 11 por 100 do total das mesas, xa que logo. CIG e CUT recibiron papeletas súas para repartir entre o cadro de persoal. Houbo unha estratexia planificada de disconformidade coas mesas auxiliares e coas cabinas. Coa colocación estaban en desacordo xeral e mesmo se desentenderon. No exercicio do dereito a voto, se estableceron tres posibilidades: levando cada votante a papeleta no sobre, votando en cabina e utilizando as mesas auxiliares. O dereito ao voto secreto é para que o exercite quen queira. Nas eleccións do 2018 había mesas en "L" e mesas en liña. Aportamos colocacións do 2018. No 2018 non houbo reclamacións de CUT polas mesas en "L", evidentemente porque o resultado desas eleccións foi mellor para ela.

CUARTO.- Feitos que resultan probados.

Primeiro.- Danse por reproducidos os dos laudos do 12 setembro (impugnacións 11 e 12/2022, acumuladas), do 6 outubro 2022 (impugnacións 13, 14, 15 e 17/2022, acumuladas) e do 16 outubro 2022 (impugnación 19/2022).

Segundo.- Que con data do 26 setembro 2022, CUT solicita que se lle faciliten papeletas da súa candidatura e sobres na mesma contía que persoas traballadoras hai no colexio de especialistas e non cualificados. O mesmo fai CIG con data do 29 setembro. Con data do 3 de outubro, a MEC

accede a estes pedimentos, aínda que advertindo que non se entregarían ata o día 5 de outubro, data de proclamación definitiva de candidaturas.

Terceiro.- Que, con data do 10 outubro 2022 a MEC, por correo electrónico, convoca para as 15:30 h. do día 11 para a revisión da implantación das mesas electorais en fábrica, coa presenza dos responsables da empresa de prevención de riscos e de medios xerais.

Cuarto.- Que o día 11 outubro a MEC se reúne ás 14:45. Resolvendo certas reclamacións de CUT, decide que os desprazamentos de traballadores ás mesas de votación sexan organizados polos distintos talleres e que darase traslado á empresa para que non se realicen por persoas membros das candidaturas. A continuación se realiza a visita-percorrido para a validación da implantación das mesas electorais, con presenza dos membros da mesa electoral central, dos interventores das candidaturas presentadas, do responsable de prevención de riscos e de vixilancia e cos delegados de prevención de UGT, CUT e SIT. Deron o seu acordo á implantación das 27 mesas SIT, UGT e CCOO, aínda que solicitaron a instalación dun biombo separador no lateral das mesas auxiliares indicadas para garantir maior intimidade. CIG e CUT opuxéronse a meirande parte das implantacións porque a aprobada, en ángulo recto, non garantía o dereito ao voto secreto. A localización fíxose pola empresa a pedimento da MEC pero validouse na visita-percorrido. Na validación non participou a empresa. Decidiuse a instalación dos biombos solicitados. Ao longo da visita, ausentáronse os representantes de CIG e de CUT, aínda que permaneceu o delegado de prevención da CUT.

Despois do percorrido de comprobación da instalación das mesas electorais, CUT remite escrito á MEC no que expresa o seu desacordo coa colocación de cabinas e mesas auxiliares e expresa que non garanten o segredo do voto, e coa disposición das mesas electorais na maioría das mesas, que non están en liña coas ditas cabinas e mesas auxiliares. Isto é así, segundo o dito escrito, agás nas mesas 17 e 19.

Quinto.- Que o día 13 de outubro ás 20:30 se celebra reunión da MEC a instancia de UGT, aos efectos de definir criterios claros para as mesas de votación. Nela se da lectura aos criterios interpretativos fixados para as eleccións do 2018, nos que se expresa, entre outros aspectos: “1.- *Es posible que más de 1 persona esté en la zona de votación y/o su área de influencia.* 2.- *Si cualquier votante decide coger el voto en mesa auxiliar no está obligado a hacerlo individualmente.* 3.- *Las cabinas son para ejercitar el voto secreto y, por tanto, quienes decidan usarla, deben hacerlo individualmente*”. A eses criterios xa se opuxera rotundamente CUT no proceso do 2018, aínda que non instou procedemento arbitral. A mesa amosa a súa conformidade coas instrucións aprobadas para o proceso do 2018, de xeito que é posible que máis dunha persoa permaneza nos arredores da zona de votación, as cabinas deberanse usar de xeito individual, xa que son para exercer o voto secreto e na mesa auxiliar os votantes non están obrigados a facelo individualmente. Apróbanse ditos criterios coa conformidade do SIT, UGT e de CCOO e co voto en contra de CIG e de CUT. Dáse traslado da acta ao día seguinte, 14 de outubro. O mesmo 13 decembro CUT remite escrito á MEC na que se laia desta decisión e engade: “*sorprende que dende a MEC non se respondera ao escrito nº 15 de data 22 de setembro de 2022 onde se solicitaban as normas de funcionamento, situación, características...e que agora se tome esta decisión*”. En efecto, por escrito do 22 setembro CUT solicitou, para o caso de existiren mesas auxiliares, un regulamento que determinase a súa instalación, situación, funcionamento, características e medidas preventivas que garantisen o segredo ao voto.

Sexto.- Que nas actas electorais referidas ao colexio de especialistas e non cualificados constan as seguintes reclamacións: mesa 6: de CIG, “*situación mesa auxiliar y cabinas*”. De CUT: “*faltan copias actas constitución mesa en la apertura*” -desta segunda se anexa copia-. Mesa 7: “*o sindicato CIG adjuntó una hoja de reclamación por la formación y la situación de la mesa*”. Mesa 8: “*en el momento de constitución de la mesa, una vez comprobado la ubicación de la mesa de votación, cabinas y mesa auxiliar, la distribución tal como está no respeta ni garantiza el derecho al voto secreto*”. Asemade CUT interpón a reclamación seguinte: “*unha vez iniciado o proceso de votación ás 08:00 h. e solicitada a acta de constitución da mesa, e non senso facilitada, facemos constar que se incumpre os arts. 5 RES e 73 ET sobre a constitución ao non facilitar o presidente fotocopia da acta de constitución*”. Mesa 9: sen reclamacións. Mesa 10: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. Faise constar que a votación non comezou

ata as 9:10 por un problema cunha goteira. O interventor de CUT ás 15:20 presenta reclamación por acumulación de persoas na mesa auxiliar. Engádesse que se fixo consulta á MEC verbo da distancia entre persoas que collen o voto na mesa auxiliar. A resposta é que se ten que respectar a intimidade na libre elección do voto. Ás 16:19 o interventor do SIT formula alegación verbo das persoas que acoden á mesa auxiliar, dicindo que se trata dun intre puntual e que non está determinado o número de persoas que poden estar na área de votación. Mesa 11: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. CUT presenta tres reclamacións: que o presidente da mesa está permitindo a votación de dous en dous na mesa auxiliar, que a mesa auxiliar está colocada á vista da mesa presidencial e que non se entregou acta no comezo das votacións. Mesa 12: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. CUT presenta dúas reclamacións: a primeira, porque a mesa auxiliar e as cabinas están visibles e pódese controlar o voto. A segunda, porque non se facilitou acta de constitución da mesa. Mesa 13: sen reclamacións. Mesa 14: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. CUT expresa que non se facilitou acta de constitución da mesa. Mesa 15: sen reclamacións. Mesa 16: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. CUT expresa que non se facilitou acta de constitución da mesa. Mesa 17: CUT expresa que non se facilitou acta de constitución da mesa. Mesa 18: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. CUT expresa que non se facilitou acta de constitución da mesa. Mesa 19: o interventor de CUT reclama que arranca a votación sen entregar copia da acta de constitución da mesa. Mesa 20: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. CUT e CCOO alegan que falta copia da acta de constitución da mesa. Mesa 21: CCOO reclama que comezou a votación sen constituír mesa porque a acta ven co nome do secretario titular e non do suplente, cuxo nome aparece abaixo, pero asinou o titular. CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. Mesa 21: sen reclamacións. Mesa 22: CUT reclama porque arranca a votación sen entregar copia da acta de constitución da mesa. Tamén, verbo de dous votos, que estaban rotos pola metade. CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. Mesa 23: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. Mesa 24: sen reclamacións. Mesa 25: CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. CUT reclama porque arranca a votación sen entregar copia da acta de constitución da mesa, da que se lle entrega copia máis tarde. Tamén, porque nas primeiras horas de votación houbo masificación de xente na zona de cabinas e mesa de papeletas, da mesma maneira a xente viña de dúas en dúas para exercer o voto. Á vista desta reclamación, o interventor do SIT argumenta que en ningún caso existiron ditas aglomeracións, que os votantes tiñan distancia entre eles e que a votación era fluída. Mesa 26: CUT reclama porque arranca a votación sen entregar copia da acta de constitución da mesa. CIG expresa que a distribución de cabinas e mesa auxiliar non respecta nin garante o segredo do voto. Mesa 27: sen reclamacións.

Sétimo.- Agás nas mesas 17, 19 e 27, nas que a cabina e a mesa auxiliar estaban en liña coa mesa electoral, en todas as demais formaban ángulo recto coa mesma.

Oitavo.- Que, en reunión da MEC do día 17 outubro 2022 se desestimaron as reclamacións de CIG e CUT verbo da implantación das mesas de votación. Así mesmo, en relación coas reclamacións presentadas por CUT nas mesas 10, 11 e 25 verbo de certas aglomeracións que se produciron na zona de votación e a asistencia a votar de dous en dous, a MEC constatou durante as súas visitas que a afluencia de persoas era axeitada e que se indicou, canto á mesa 10, que non se aglomerasen moitas persoas na contorna da mesa auxiliar e que se establecera unha distancia razoábel entre as mesmas para garantir a libre elección do voto. De tal xeito que se ratificaron os resultados. En reunión da MEC do día 18 de outubro se resolveron outras reclamacións de CUT que non afectan ao resultado destas actuacións.

QUINTO.- Fundamentos da resolución.

Primeiro.- A excepción de caducidade da representante de UGT ten que ser desestimada. En realidade, o que afirma é que a impugnación xa está respondida non anterior laudo, o que non é exacto. A mesma excepción, alegada pola representante da empresa, merece un xuízo máis ponderado. Por unha banda refírese á implantación das mesas, cuxa colocación se validou pola MEC o día 11 de outubro, de xeito tal que debeu ser feita impugnación á mesa no seguinte día hábil -13 de outubro- e logo interposta reclamación arbitral nos seguintes tres días hábiles, por aplicación do art. 76.5, en relación co art. 76.2 ET. Por outra banda, entende que tamén está caducada a impugnación no que se refire á existencia do voto secreto, que xa se debatera na reunión da MEC do día 23 de setembro.

Cómpre estimar a alegación da empresa no que se refire á colocación das mesas. En efecto, como quedou expresado no feito cuarto, a decisión da MEC produciuse logo da visita-percorrido do día 11 de outubro, contra a que CUT expresa o seu desacordo o mesmo día. Como queira que as votacións non comezaron ata o día 13, é evidente que a impugnación ante a oficina pública se debía interpor nos tres seguintes días hábiles, é dicir, rematando o prazo o día 18 de outubro. E sen que se poida acoller o argumento de CUT de que os seus efectos se produciron na data das votacións. O mesmo sucedeu, desde logo, coa instalación de mesas auxiliares, obxecto do anterior laudo, e resulta evidente que a decisión da mesa foi anterior ao día da votación.

Distinta sorte ten que correr a caducidade no que se refire á materia do segredo do voto. En realidade, na acta da MEC do 23 setembro, parafraseada no feito cuarto do laudo do 16 outubro 2022 (impugnación 19/2022), non se deu resposta ao pedimento de CUT do 22 setembro reflectido no feito quinto *in fine* deste laudo. É dicir, como moito o que podía entenderse desestimado, facendo unha interpretación restritiva do principio *pro actione*, sería o pedimento de que se redactara un procedemento de voto en mesa auxiliar, pero non a posibilidade de impugnar unha eventual praxe de voto con acompañamento, masificado ou de aglomeracións, ou de voto á vista da mesa electoral, dos seus compoñentes e dos interventores. De xeito que cómpre entrar non fondo desta segunda alegación.

Segundo.- Antes de entrar, hai que despexar outras dúas cuestións de procedemento: Por unha banda, a alegación da representante da empresa de que non cabía adhesión de CIG á impugnación de CUT porque a propia CIG se aquietou e non impugnou ela mesma. Se este árbitro entendeu ben a alegación, a ten que desbotar. Unha cousa é que CIG se aquiete logo de presentar reclamacións ás mesas, de xeito que non é parte impugnante, e outra moi diferente é que non poida expresar a súa adhesión a unha impugnación interposta por unha terceira organización. Cabe apelar, por aplicación analóxica, ao proceso de impugnación de convenios colectivos e ao art. 166.1 *in fine* da Lei 36/2011, do 10 outubro: “...*en su comparecencia a juicio, dichas partes alegarán en primer término la postura procesal que adopten, de conformidad u oposición, respecto de la pretensión interpuesta*”. O mesmo sucede neste caso: do mesmo xeito que as outras organizacións sindicais expresaron a súa oposición na comparecencia -podían ter optado pola postura contraria-, CIG expresou a súa conformidade coa impugnación.

Por outra banda, o representante de CUT expresou a súa proposta porque o árbitro non aceptou unha pregunta súa na testifical ao presidente da MEC. A pregunta referíase a un comentario privado seu relativo ás garantías do voto secreto. Este árbitro reafirmase na súa oposición, aos efectos dunha posible impugnación deste laudo por CUT, por tres motivos: 1) porque a pregunta non se lle formulaba na súa función de presidente da MEC, senón de interlocutor privado. É abondo coñecida a doutrina deste colexio de que as afirmacións dos membros das mesas electorais teñen un plus de certeza e veracidade en relación con outras testemuñas, pola función pública que lles outorga a normativa de eleccións a representantes legais das persoas traballadoras. Pero esa calidade da proba non afecta ás afirmacións que fagan á marxe do exercicio do seu cargo, condición á que apelou o representante de CUT na comparecencia. 2) Porque as condicións e o contexto nos que se formulou a pregunta non eran os máis propicios para que a testemuña depuxera súa resposta en condicións de liberdade e sen vicio da súa vontade e, 3) en estreita relación co argumento 2), porque, como de seguido se vai argumentar, a eventual resposta non era relevante para a resolución desde laudo.

Terceiro.- Entrando no fondo do asunto, hai que expresar rotundamente que as votacións deben ser anuladas e o proceso repetido. A este árbitro non lle resultan relevantes as eventuais diferencias das decisións da MEC neste proceso en relación coas adoptadas no do 2018. O certo, evidente e indiscutible é que as votacións non se produciron nas condicións óptimas para que as persoas votantes votaren en condicións de liberdade e segredo, como establecen os arts. 69.1 e 75.2 ET. A decisión da MEC do día 13 -xa día de votación, aos efectos do art. 76.5 parágrafo primeiro *in fine* ET (*si se impugnasen actos del día de la votación o posteriores al mismo, el plazo será de diez días hábiles, contados a partir de la entrada de las actas en la oficina pública dependiente de la autoridad laboral*)- erosionou de xeito substantivo ditos segredo e liberdade cando decidiu que “*si cualquier votante decide coger el voto en mesa auxiliar no está obligado a hacerlo individualmente*”. Con esta decisión expresa, é evidente que os membros de cada mesa non podían censurar a conduta de acompañamentos nas mesas auxiliares e no recinto de votación, porque se converteu en normativa do proceso. Certamente, só se produciron impugnacións de interventores da CUT en tres mesas (10, 11 e 25, como se expresou no feito sexto), pero iso non quere dicir que unicamente nelas se produciran episodios de acompañamentos nas mesas auxiliares o presenza nas mesmas de máis dunha persoa. Cómpre insistir en que foi unha decisión da MEC establecer esa posibilidade como lexítima.

O que hai que pór en relación co feito probado sexto do laudo do 16 de outubro 2022:

“Que durante o tempo de votación das eleccións do 2018 se produciron varias reclamacións a mesas electorais, que se dan por reproducidas, nas que interventores de organizacións sindicais cuestionan as condicións de votación e o acompañamento de votantes, a ostentación de voto dalgúns traballadores, e a aglomeración de persoas ao redor das mesas en certas franxas horarias. Así mesmo, algunhas mesas electorais anexan actas de incidencias. Pola súa banda, algunhas reclamacións de interventores do SIT se queixan de que o presidente dunha mesa e os interventores de organizacións rivais obrigan a persoas a votar individualmente e, nalgúns casos, forzando ás persoas votantes votaren en cabina, condicionando “el libre ejercicio del derecho de voto”. Nasas eleccións do 2018, CCOO, UGT, CIG e CUT manifestaron publicamente a recomendación de votar en cabina”.

Este feito relaciónase co interrogatorio de parte feito polo representante de CUT na comparecencia que deu lugar ao dito laudo ao secretario xeral do SIT-FIS, no que este retrucou, segundo consta na descrición da comparecencia, que:

“O sindicato nas pasadas eleccións presentou unha reclamación á mesa porque o presidente esixía votar individualmente, e non deixaba liberdade para votar como as persoas quixer”.

É dicir, o que defende o SIT é a liberdade de votar con acompañamento. A calidade democrática desta postura é, cando menos, moi mellorábel. E, para alén desa calidade, anti-xurídico, por contradicir o dereito de participación do art. 61 ET mediante condutas que teñen potencialidade anuladora do mesmo. O pretendido dereito a ir votar en grupo non semella a doutrina que mellor garante a liberdade de voto nin o seu carácter secreto. Porque a liberdade non lles corresponde ás persoas acompañantes, senón ás acompañadas, que desde logo poden ter fundados temores ou razóns para non votar individualmente e expresando de xeito xenuíno a súa vontade electoral cando unha organización absolutamente predominante na empresa xa desde hai bastantes anos defende abertamente o “dereito” ao acompañamento. Non é un comportamento democrático defender o voto non individual, porque, precisamente, o que implica é postular a comunicación recíproca do contido do voto entre persoas que non necesariamente están na mesma posición de poder nin de liberdade. A Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral -LOREX-, expresa no seu art. 86.1, de xeito lacónico e sen ningún tipo de matización, que “*el voto es secreto*”. Xa se ten expresado abondo que esta Lei non ten carácter supletorio, pero si referencial. Non cabe dúbida que o segredo do voto é un pilar fundamental dun sistema xurídico democrático.

Non se trata unicamente, como expresaba o representante de CIG, da porcentaxe de persoas con contratos eventuais, senón de calquera persoa traballadora que poida contemplar con prevención a posición absolutamente dominante dun sindicato na organización produtiva.

A alegación do representante do SIT na comparecencia de que a testemuña de CUT non foi quen de responder a se os acompañantes eran ou non superiores xerárquicos dos acompañados non ten relevancia. O importante é a capacidade dunha organización maioritaria na empresa de impor os seus códigos de conduta. É innegable que un código de conduta seu -do SIT- e guieiro da súa praxe

electoral é defender que non se vote individualmente e que se permita, xa que logo, o voto con presenza do colectivo, ou de varios individuos, conxuntamente coa persoa votante.

Por outra banda, o feito de que existan outras modalidades de voto que si garanten a liberdade e o segredo -voto en cabina e voto en sobre pechado e levado á mesa, derivado do repartimento anticipado de sobres e papeletas- non evita a posibilidade de que se poidan producir transgresións dos dereitos elementais derivados do sufraxio activo mediante invitacións ao acompañamento difíciles de rexeitar, máxime cando a praxe dun dos sindicatos concorrentes é moi favorábel ao voto non individual. É dicir, proclive a cuestionar o segredo do voto das persoas que acoden ás mesas acompañadas, cunha vontade que seica estea viciada.

Este árbitro pode conceder que o voto secreto non é unha obriga, aínda que sempre considerando, como fai a LOREX, que o segredo do voto é fundamental. Ben coñece e respecta a sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo do ano 2011 na que precisamente se revogou un laudo seu en relación coas eleccións do Corte Inglés. Pero iso non empece que exista unha obriga, que lle compete á MEC e a cada unha das mesas electorais, de que as persoas poidan votar en liberdade e en segredo. Garantir eses dereitos elementais implica, desde logo, velar por que as persoas non poidan ser acompañadas cando acoden ás mesas auxiliares a recoller as súas papeletas e por que, cando estean dirixíndose a urna e diante delas, ninguén poida nin sequera enxergar ou albiscar que poidan votar. Desde logo, a decisión da mesa electoral do 13 de outubro laminou radicalmente ditas garantías. A MEC dimitiu con ela da súa función de poder reprender a quen acompañara á mesa auxiliar a unha persoa votante e impedir o dito acompañamento e de poder evitar miradas indiscretas no exercicio do dereito do voto. E lanzou unha directriz ás mesas electorais de lexitimidade dunhas condutas totalmente cuestionábeis e claramente anti-xurídicas.

Falouse por algunha das persoas que interviñeron no acto da comparecencia, de que a MEC expresou a obriga e a directriz de gardar distancias entre votantes. Desafortunadamente, non quedou constancia escrita desta expresión. Antes ben, o que se resolveu expresamente é o que consta probado no feito quinto.

En resumo, non se xeraron as circunstancias suficientes para que as persoas puidesen votar en liberdade e en secreto. É un vicio moi grave, que ten que implicar a anulación das eleccións.

Cuarto.- A colocación das mesas quedou fóra do obxecto da controversia, como quedou expresado, porque a impugnación de CUT se interpuxo fóra de prazo a estes efectos. Porén, hai que engadir que resulta bastante obvio que a instalación da mesa auxiliar en ángulo recto coa mesa electoral e alén das cabinas permite, cando menos, albiscar desde a mesa que papeleta escolle cada votante. A discusión entre a representante da empresa e a testemuña da CUT verbo do ángulo de visión que tiña o interventor da empresa reflicte esta realidade. Sen prexuízo da colocación das mesas, que será a mesma coa reiteración da votación agás que a MEC decida outra cousa, é fundamental garantir a intimidade no exercicio do voto coas medidas que sexan precisas, quizais, se é útil e practicábel, aumentando a altura ou modificando a colocación dos biombos das mesas auxiliares, ou establecer calquera outra medida que impida a visualización do voto por parte das persoas que interveñan como interventoras e dos membros natos da mesa electoral. Desde logo, non lle corresponde a este árbitro entrar na materialidade dos medios, pero si concluír que hai que dar garantía de voto libre e secreto e, desde logo, declarar nula unha decisión da MEC que exprese que *“si cualquier votante decide coger el voto en mesa auxiliar no está obligado a hacerlo individualmente”*. Cómpre anular o acto de votación por vicio grave.

En consecuencia, emito o seguinte,

LAUDO. Que debo estimar e estimo a impugnación interposta por D. Brais _____, en nome e representación da CUT, e declaro a nulidade das votacións celebradas na empresa Peugeot Citroën Automóviles España, s.a. Declaro a nulidade das actas rexistradas en relación coa dita votación e ordeno retrotraer as actuacións para que se repitan as eleccións nos dous colexios.

Contra este laudo se pode demandar ante o Xulgado do Social de Vigo, no prazo de tres días hábiles contados desde que as partes foran notificadas do mesmo, de conformidade co disposto no art. 76.6 ET e 42.2 RE, e a través da modalidade procesual dos arts. 127 e seguintes da Lei 36/2011, do 10 outubro, da Xurisdición Social.

Deste acordo darase copia a todas as partes interesadas e á Oficina Pública.

En Vigo, a 21 de novembro do 2022.

JAIME
- día 21/11/2022
con un certificado emitido por
AC FNMT Usuarios
Asdo: Jaime